

## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.....	4
2.1. Referencia normativa.....	4
2.2. Referencia ao centro.....	5
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.....	6
3.1. Obxectivos xerais do Plan de Igualdade.....	6
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN.....	7
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.....	7
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	7
4.2.1. Prevención.....	7
4.2.2. Detección.....	8
4.2.3. Intervención.....	9
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	9
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.....	10
4.4.1. Prevención.....	10
4.4.2. Detección.....	10
4.4.3. Intervención :.....	14
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs.....	14
ÁMBITOS:.....	14
5.1. Organización do centro.....	14
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	15
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional.....	15
de xeito inclusivo.....	15
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....	16
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	16
6.1. Proposta de criterios para avaliar as distintas tarefas.....	17
6.2. Proposta de criterios xerais para avaliación do alumnado.....	17
6.3. Proposta de criterios xerais para avaliación do profesorado.....	18

## 1. INTRODUCCIÓN.

Na Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019-2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, exprésanse os **principios que deben guiar** o Plan de Igualdade dos centros educativos, que se citan de seguido:

### **Principios**

*O plan de igualdade basearase nos principios de valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.*

#### **1. Valores democráticos**

*A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos Dereitos Humanos.*

#### **2. Transversalidade**

*A perspectiva de xénero integrarase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.*

#### **3. Inclusión**

*A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.*

#### **4. Igualdade de oportunidades**

*O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.*

#### **5. Visibilidade**

*O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.*

A citada Instrución refire que *“A igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico”*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu preámbulo expresa que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan.

Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

O artigo 1 desta lei establece como principio da educación ***“o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”***.

O artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a ***“educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”***.

O CEIP Plurilingüe Os Tilos escolariza alumnado desde os tres anos ata os doce anos de idade. A educación na igualdade efectiva entre alumnos e alumnas, pretende ser unha constante, que se integre de xeito continuado na cultura do centro.

A participación do alumnado nas diversas actividades que se realizan no centro é diferente e específica en cada unha delas, pero os factores “xénero”, “sexo”, “identidade sexual”, non condiciona nin o grao nin o xeito de participación.

No órgano do consello Escolar existe unha persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres (Art. 126.2 da LOE).

Os plans do centro, consideran e tratan a igualdade como elemento básico transversal. No centro xa non entendemos outra forma de proceder.

Cada un dos sectores que constitúen a comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Os Tilos, ten asumido maioritariamente a coeducación con carácter de normalidade.

A través dos órganos e equipos do centro, se existise a percepción dun enfoque “diferenciador” procédese a informar dos principios que neste ámbito rexen o labor educativo, da norma no centro, e por tanto da necesidade de proceder conforme ao principio de igualdade entre os sexos.

No caso de detectarse condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, ponse en marcha o Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e do ciberacoso, e de ser o caso, os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia.

Establécense medidas de acompañamento, que en principio realiza a persoa titora ou un membro do departamento de orientación.

“Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes”. (*Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero*).

A través da toma de conciencia do profesorado e das familias, a educación na igualdade é un factor inherente ao centro, que forma parte do sistema de valores que definen ao CEIP Plurilingüe Os Tilos.

O alumnado fórmase mediante actividades, e en función da súa idade, respecto a profesións, eliminación de estereotipos de xénero, análise crítica de lecturas, noticias e acontecementos da realidade diaria.

As conmemoracións: Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro) ; e día Internacional da Muller (8 de marzo), son unha oportunidade que se aproveita no CEIP Plurilingüe Os Tilos para visibilizar mediante actividades dirixidas a todo o alumnado, o compromiso pola igualdade e o respecto entre as persoas.

Para a celebración das actividades relativas ás conmemoracións do parágrafo anterior, búscase a colaboración con outras institucións, entre as que sobresaen o o CIM do concello de Teo.

O profesorado é sensible á igualdade efectiva entre alumnos e alumnas, mulleres e homes, e participa, por iniciativa propia e/ou colectiva nos plans de formación permanente do profesorado que tratan de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero.

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.**

### **2.1. Referencia normativa**

- Constitución española de 1978.
- Declaración universal sobre Dereitos Humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## **2.2. Referencia ao centro**

No CEIP Plurilingüe Os Tilos está establecida a procura da equiparación de alumnos e alumnas nos grupos-clase; e tamén é un dos factores que se consideran no momento que se procede á reestruturación de grupos.

A coeducación consta como sinal de identidade do Proxecto educativo.

Figuran entre os obxectivos do Plan de convivencia, a igualdade entre homes e mulleres; e a prevención da violencia de xénero.

Todas as accións educativas que se proxectan no centro e as actividades que se programan, que afectan aos distintos niveis: aula, curso, ciclo, etapa, centro; contempla un proceder integrador, inclusivo, sen diferenciación por razón de xénero ou identidade sexual.

Por outra parte existe especial incidencia na prevención das violencias, da prevención da discriminación e da supresión dos estereotipos de xénero.

Este mesmo encadre abrangue e transcende as liñas xerais que se definen en cada un dos distintos documentos do centro.

### **3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA**

O CEIP Plurilingüe Os Tilos ven desenvolvendo a acción educativa co referente da igualdade de xénero e a non discriminación.

Que se respecte a diversidade de xénero, dentro dun fin máis amplo, o respecto á diversidade, é un continuo sobre o que cumpre perseverar ao longo de cada ano escolar.

A realidade externa á educación formal e os múltiples factores que inciden na educación, non sempre contribúen cos modelos que transmiten á aspiración da formación do alumnado no respecto a igualdade efectiva, ademais de afectar á comunidade educativa no seu conxunto.

O colexio pretende conformar un entorno de formación en sentido amplo, que abrangue o respecto a si mesmo e a si mesma e aos demais como persoas que son, independentemente da identidade de xénero ou sexual.

A educación na igualdade transcende ao conxunto das áreas de aprendizaxe e da propia acción educativa no centro, xa que se conforma como parte dos contidos transversais.

A intervención no uso de espazos condiciona a percepción do alumnado e afianza o enfoque sobre determinadas actividades con gran influencia de xénero.

A distribución do espazo para distinto tipo de xogos, contribúe á modificación da percepción inicial do alumnado, no que ás veces prevalece unha visión da realidade con matiz de estereotipo de xénero, e inxustificada.

Na participación en actividades complementarias, como xa se reflectiu, a igualdade é a norma.

Os procedementos, liñas, obxectivos e actuacións que preceden non garanten que non acaezan situacións de ruptura respecto da igualdade de xénero ou que xurdan fobias por factores de identidade sexual.

#### **3.1. Obxectivos xerais do Plan de Igualdade**

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre alumnas e alumnos na nosa práctica docente.
- Educar na igualdade entre alumnas e alumnos, entre homes e mulleres, rompendo estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo ou orientación sexual.
- Potenciar o diálogo e o respecto mutuo nas relacións interpersoais, independentemente do xénero ou identidade sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e o home no ámbito familiar e social.
- Favorecer as relacións de equidade e corresponsabilidade.

- Fomentar a colaboración familia-escola na educación para a igualdade entre nenos e nenas.
- Promover de xeito permanente o respecto e a igualdade de trato entre todas as persoas que forman parte do centro, así como entre todos os membros da comunidade educativa.
- Intervir nas situacións de acoso e violencia de xénero.
- Promover prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación, de dependencia e de xénero.
- Suprimir as xustificacións sobre os malos tratos (celos, inseguridade, tensión) que non se activan ante outro tipo de violencias, eliminando graos de tolerancia ante a violencia machista.

## 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

### 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Transmitir unha imaxe plural, non estereotipada das mulleres e dos homes.
- Analizar de modo crítico as mensaxes e imaxes que se transmiten, fundamentalmente das nenas, mozas e mulleres, a través de diferentes medios e de libros.
- Promover a participación equilibrada de nenos e nenas nos traballos domésticos.
- Transmitir ás familias a necesidade de actuar a prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos do desenvolvemento humano: persoal, familiar, social e laboral.
- Concienciar ao alumnado da conveniencia dun modelo de relacións humanas máis equitativo, por ser beneficioso para o conxunto da sociedade.
- Realizar obradoiros en colaboración co concello ou outras institucións sobre a temática de igualdade, autoestima, violencia de xénero e habilidades sociais.
- Facer visible o traballo realizado no centro derivado do Plan de igualdade.

### 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

#### 4.2.1. Prevención

Educar en igualdade de xénero desde o inicio da escolarización e mediante o desenvolvemento dos contidos transversais.

Afrontar o conflito ou situacións de violencia de xénero de inmediato.

Desterrar falsos mitos sobre a violencia e especificamente sobre a violencia de xénero.

Desenvolver habilidades para afrontar os conflitos e resolvelos pacificamente mediante o diálogo.

Recoñecer as propias actuacións, aínda que sexan incorrectas ou irrespectuosas cos demais.

Romper os estereotipos de xénero.

Impedir/corrixir actitudes desprezativas entre o alumnado e especialmente as provocadas polas diferencias de xénero.

Transmitir valores de respecto mutuo como base necesaria das relacións sociais.

Desenvolver nas alumnas e alumnos habilidades que lles permitan vivir libres de violencia, recoñecéndoa en si mesmos ou en si mesmas, e nas noutras persoas.

Para a consecución deste obxectivo o alumnado deberá coñecer que:

Todas as persoas teñen dereito

- *A vivir libres de abuso de poder.*
- *A contalo, cando sexan vítimas de violencia ou abusos.*
- *A buscar apoio e pedir axuda.*
- *A sentir medo, rabia, tristeza, alegría, xa que as emocións son esenciais na supervivencia, e todas as persoas teñen necesidade de ser libres para expresalas.*
- *A ter unha vida digna, libre de vexacións de compañeiras, compañeiros ou adultos.*

Ninguén ten dereito:

- *A agredir a outras persoas, nin física, ni psicoloxicamente.*
- *A forzar a calquera compañeiro o compañeira a facer algo que non quere.*
- *A violentar ou tocar o corpo doutra persoa.*

#### **4.2.2. Detección**

A exposición dunha persoa (alumna) a unha situación de violencia de xénero pode producirse:

- Ante un caso de violencia de xénero na contorna familiar do alumno/a.
- Ante un caso de violencia de xénero entre o alumnado.
- Ante un caso dunha alumna vítima.

*A violencia de xénero que se poida producir no alumnado das etapas educativas que escolariza o CEIP Plurilingüe Os Tilos, probablemente dimane da reprodución e/ou imitación desta conduta, xa que a maioría do alumnado é de curta idade.*

En termos xerais entre adolescentes, as relacións con sinais de violencia de xénero diferéncianse das relacións igualitarias pola existencia dunha serie de condutas de dominación, abusivas e agresivas tales como:

Os abusos verbais e emocionais; as condutas dominantes e de control; os malos tratos físicos; o abuso de tipo sexual.

Os abusos máis frecuentes son os referidos ao control psicolóxico, illamento das amizades e insultos.

*Para a detección tamén poden ser de utilidade algúns dos indicadores e aspectos a observar da epígrafe 4.2.2. (Detección da LGBTIfobia).*

#### **4.2.3. Intervención**

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de violencia de xénero, deberá poñelo en coñecemento do director ou directora do centro, por escrito ou verbalmente.

A dirección do centro, unha vez recibida a comunicación procedente do observador/a dunha posible situación de violencia de xénero, convocará coa máxima prontitude a reunión dun equipo, que estará constituído polo/a director/a, o titor ou titora do alumnado afectado, a persoa responsable de igualdade, o/a xefe/a de estudos e o xefe/a do departamento de orientación. Este equipo recompilará a máxima información sobre a posible situación de violencia de xénero, e despois de analizala, valorará a intervención que proceda.

Desta reunión deberá levantarse acta, na que se especifique a información recollida e as actuacións acordadas.

Sempre que se estime que poida existir unha situación de violencia de xénero, da que unha alumna poida ser vítima, a dirección informará ao Servizo de Inspección Educativa.

#### **Primeiras medidas.**

Se o equipo valora que a presunta vítima está exposta a unha situación de violencia de xénero, adoptará as medidas de urxencia que se requiran para protexer á alumna afectada e evitar novas agresións.

- Medidas para garantir a seguridade da presunta vítima e medidas específicas de apoio e axuda.
- Medidas cautelares co presunto agresor, entre as que se debe contemplar a non asistencia ao centro, se o presunto agresor é alumno do centro.

Continuarase coa recolleita de información e valoración da situación para poder determinar se os indicios indican que estamos ante unha situación de violencia de xénero.

O equipo constituído, coordinado por un dos seus integrantes, preferiblemente o/a xefe departamento de orientación, realizará unha valoración da situación a través das necesarias actuacións.

A intervención guiarase polo protocolo oficial.; de non estar actualizado, e de ser o caso, tomarase como referente o protocolo doutra Administración Pública do Estado.

#### **4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- Integrar a diversidade de xénero na vida cotiá do centro
- Respetar o modo de ser heterosexual, homosexual, bisexual ou transexual.
- Valorar as persoas independentemente da súa orientación sexual.

- Recoñecer os prexuízos e falsas crenzas que existen no contorno escolar e familiar sobre as persoas LGTBI.
- Utilizar unha linguaxe non sexista, que facilite que as persoas se sintan recoñecidas positivamente.
- Suprimir do discurso a linguaxe discriminatoria e lacerante para moitas persoas, por razón de xénero.
- Respetar o desexo de cada persoa a ser tratada no xénero co que se identifica.
- Cuestionar os estereotipos sobre diversidade sexual.
- Incorporar a concepción de pluralidade de familias, considerando a diversidade existente na contorna e no propio centro.
- Valorar positivamente as expresión de afecto e amor entre as persoas.
- Respetar a intimidade e confidencialidade de cada unha das persoas.
- Sinalar con asertividade as actitudes sexistas e homófobas e amosar as consecuencias que teñen nas persoas e na sociedade.

#### **4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.**

##### **4.4.1. Prevención**

Os obxectivos indicados nas epígrafes anteriores están orientados á prevención (sensibilización, concienciación, respecto, interiorización).

##### **4.4.2. Detección**

Para a detección de casos de LGBTIfobia, poderanse ter en conta os indicadores e aspectos a observar que se reproducen a continuación.

#### ***Indicadores de acoso escolar por homofobia e transfobia entre o alumnado:***

Na interacción cotiá entre o alumnado obsérvase que se refiren ou tratan a unha persoa concreta:

- *Con alcumes e/ou cancións relacionadas co xénero ou a sexualidade (“maricón”, “marimacho”, etc.).*
- *Arremedando a súa forma de falar, de moverse ou de camiñar e/ou empregan burlas, menosprezos, insultos ou vexacións.*
- *Con hostilidade.*
- *Marxinándoa nas actividades escolares e extraescolares. (normalmente está só ou soa).*
- *Ao mencionarse en clase un personaxe ou referente con identidade sexual distinta á heterosexualidade fan alusións a esa persoa concreta.*

Semella necesario observar no recreo e nas clases, as relacións entre o alumnado, xa que estes espazos poden resultar de axuda para detectar situacións de acoso vinculadas á homofobia e a transfobia.

Débase poñer especial atención aos aseos, xa que son espazos potencialmente perigosos para quen non responde ao xénero e/ou sexualidade normativos. (división por sexos; ausencia de persoas adultas).

A persoa concreta (presuntamente acosada):

- *Vive con tensión situacións cotiás, que obrigan a: usar os espazos comúns, compartir asentos, saír de clase ou entrar, falar en público.*
- *Manifesta maior introversión e menor participación nas actividades habituais do centro.*
- *O seu rendemento escolar vai diminuíndo gradualmente.*
- *Relaciónase soamente con persoas doutro sexo.*
- *Presenta repetidamente ausencias ou faltas de asistencia inxustificadas ao centro educativo.*

No caso dos primeiros indicadores, debemos prestar especial atención ás TIC –redes sociais, mensaxes, vídeos, chats, ...– xa que os espazos virtuais facilitan esas situacións e segundo Luengo (2011): “Ameazas, calumnias e inxurias, delitos contra a intimidade e actos contra a liberdade sexual son os comportamentos máis recorrentes entre os relacionados co ciberacoso”.

#### **Indicadores para detectar o ciberacoso, que pode estar motivado por homofobia e transfobia:**

- *Difusión de gravacións ou fotografías na internet sen consentimento.*
- *Modificación dunha imaxe ou colocar etiquetas ofensivas.*
- *Envío de mensaxes ofensivas ou expresións de odio, rumores, insultos, chistes despectivos, burlas ou vexacións en redes sociais, blogues, foros ou chats.*
- *Suplantación de identidade en medios dixitais.*
- *Exclusión de persoas concretas de espazos compartidos polo resto da clase (grupos de Whatsapp, Tuenti, ...)*

Resulta **inevitable** mencionar que a detección deste tipo de acoso non é **sinxelo nin doado**, xa que moitas veces ten lugar en plataformas inaccesibles para os centros educativos; polo que o CEIP Plurilingüe Os Tilos procurará involucrar a toda a comunidade educativa, e especialmente ao alumnado, na formación, información e sensibilización sobre o uso responsable, respectuoso das TIC.

**Que pode observar a familia para detectar se un fillo ou filla é vítima de acoso?**

- *Negativas reiteradas a asistir ao centro educativo.*
- *Cambios estéticos e na vestimenta coa que acudía normalmente ao centro.*
- *Volta á casa coa roupa desamañada ou o material escolar deteriorado, ou sen el.*
- *Presenza de feridas, contusións, que non se explican pola actividade escolar normal.*
- *Non conta con amizades coas que pasar o tempo libre fóra do centro educativo.*
- *Aparición de somatizacións reiteradas: malestar ao levantarse, mareos, dores de cabeza, molestias ou alteracións gastrointestinais, asfixia ou opresión no peito, tremores, palpitacións, rixidez, alteracións do apetito ou do sono.*
- *Abandono progresivo das afeccións e reticencias para participar en actividades de lecer e tempo libre.*
- *Amosa actitudes agresivas na casa.*
- *Non se atreve a saír só ou soa á rúa.*
- *Aparecemento de auto-lesións, e signos de desprezo por vivir.*
- *Falta de control emocional: prantos incontrolados, respostas emocionais extremas.*

**Que pode observar a comunidade educativa para detectar ao alumnado que efectúa acoso?**

- *Utiliza expresións despectivas ao referirse á homosexualidade, á bisexualidade ou a transexualidade.*
- *Exclúe, insulta, ameaza ou agride ás persoas que non seguen as normas hexemónicas de xénero e sexualidade.*
- *As expresións, condutas e emocións que non se axustan á sexualidade e xénero normativos espertan a súa agresividade verbal e física.*
- *Ao coñecer que un/unha alumno/a é homosexual, transexual, outro/a tenta provocalo/a.*
- *Aquelas situacións e actividades que reafirman a masculinidade ou feminidade espertan especialmente o seu interese e motivación.*
- *Négase a incluír á persoa presuntamente afectada no seu equipo durante as actividades.*
- *Coacciona e chantaxea ao resto do alumnado para que non teña amizade e relación coa persoa presuntamente acosada.*

**Que pode indicar que o persoal docente e non docente ten actitudes homófobas e tránsfobas cara ao alumnado?**

- *Realiza comentarios despectivos sobre a sexualidade ou o xénero daquelas persoas ou referentes aludidos no contido da súa área ou do alumnado nas reunións de docentes.*
- *Procura deliberadamente a imperceptibilidade da homosexualidade, bisexualidade ou transexualidade de personaxes históricos ou de referencia.*
- *Aproba de maneira activa (mediante sorrisos, xestos, etc.) ou pasiva (mediante o silencio) os insultos ou outras agresións homófobas.*

- *Non respecta o cambio de nome do alumnado transexual e continúa chamándoo polo nome que aparece en documentos oficiais.*
- *Non permite que o alumnado transexual utilice os baños adecuados á súa identidade de xénero.*
- *Segrega por sexo na realización de actividades e/ou non permite ao alumnado transexual formar parte do grupo segundo a súa identidade de xénero.*
- *Se coñece ou sospeita unha situación de acoso por homofobia ou transfobia, non actúa e non comunica a situación ás autoridades do centro.*

***Que pode indicar que o alumnado ten actitudes homófobas e tránsfobas cara o personal docente ou non docente?***

- Aparecen pintadas nas lousas, corredores, ou aseos do alumnado que aluden en concreto á sexualidade dunha persoa en concreto.
- Insulta chamando «maricón», etc.
- Imita e ridiculiza a forma de falar ou de moverse.
- Pregunta repetidamente pola situación sentimental ou se difunden rumores sobre a situación.
- Alude despectivamente ás condutas, expresións ou emocións tradicionalmente asignadas ao sexo oposto.
- Ao mencionarse en clase un personaxe ou referente homosexual, bisexual ou transexual fanse alusións despectivas á persoa.

***Indicadores específicos para detectar acoso por homofobia ou transfobia dirixido ao persoal docente e non docente LGBTI por parte dos seus compañeiros/as e/ou autoridades educativas***

- Pregúntaselle repetidamente pola súa situación sentimental e/ou se difunden rumores sobre esta.
- Alúdese despectivamente as condutas, expresións ou emocións tradicionalmente asignadas ao sexo oposto.
- Sofre condutas discriminatorias no exercicio dos seus dereitos laborais.
- Subestímense as súas capacidades ou habilidades intelectuais.
- Ignóranse as súas achegas ou comentarios, ou se lle exclúe da toma de decisións.
- Asígnanselle tarefas de responsabilidade inferior á súa categoría profesional ou capacidades.
- Encárganselle tarefas sen sentido ou con prazos imposibles de cumprir.
- Dificúltaselle o acceso aos medios necesarios para o bo desenvolvemento do seu traballo.
- Non se lle ten en conta para o exercicio de postos de responsabilidade.

#### 4.4.3. Intervención :

Se hai sospeita de acoso motivado por LGBTIfobia, poñerase en marcha o “**Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso**”.

As actuacións terán como referente, o “**Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero**”.

## 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS:

### 5.1. Organización do centro.

- Distribución equitativa das alumnas e dos alumnos por grupos-clase.
- Realización de actividades e tarefas coa participación igualitaria de alumnas e alumnos.
- Uso da linguaxe inclusiva e non sexista, evitando o uso do xenérico masculino como unha categoría universal que exclúe ás mulleres.
- Organización e participación nas actividades correspondentes ao 25 de novembro e ao día 8 de marzo, en colaboración co CIM do concello de Teo e en cooperación cos centros educativos do concello.
- Obradoiro anual de igualdade (4º curso) e de autoestima (5º curso) en colaboración co CIM do concello de Teo.
- Considerar as indicacións deste documento que afectan ao ámbito pedagóxico no referido á concreción curricular e telas en conta nas programacións didácticas.
- Recoller no plan de atención á diversidade medidas inclusivas que atendan á diversidade en todas as súas dimensións.
- A acción titorial incluirá nas súas liñas de traballo: a prevención da violencia de xénero, violencias de orixe sexista e calquera violencia; as mensaxes sobre profesións sen inclinación de xénero, o desenvolvemento persoal no referido a autoconcepto, autoestima, autorregulación emocional, habilidades sociais; a autonomía, o coñecemento do corpo, bo trato e respecto mutuo nas relacións afectivas.
- Difundir o plan entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Promover a formación do profesorado e das familias en materia de igualdade.

Primordialmente o profesorado, e tamén as familias do alumnado, deberán asumir a flexibilidade e a incerteza que supón abordar de xeito cotiá as diversidades na aula, xa que cómpre considerar que calquera identidade de xénero pode xerar desafíos a cada persoa e ao propio sistema educativo.

## 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Facer visible á muller e as súas achegas nos distintos ámbitos de coñecemento.
- Formar ao alumnado na necesidade da corresponsabilidade, o coidado, a aceptación das distintas identidades de xénero.
- Deconstruír os roles e estereotipos de xénero.
- Respetar a diversidade sexual e familiar.
- Ofrecer na Biblioteca materiais relativos á diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero que sirvan como recursos pedagóxicos para o persoal docente e de referencia para o alumnado.
- Facer análise das actividades-tipo nas que é susceptible que se reproduzan estereotipos de xénero.
- Establecer e manter relacións persoais sen condicionantes definidos pola identidade de xénero.
- Pór en valor á/ás “muller”/es máis próximas e que son un referente pola profesión que desenvolven e pola súa significación no avance de cara a igualdade efectiva.
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Analizar o labor e a profesión que desempeñan indistintamente mulleres e homes na realidade máis próxima e cotiá: localidade, concello, goberno da Comunidade, do Estado; premios e galardóns; deportes, presenza nos medios de comunicación (TV, radio, prensa).
- Estudo sobre os estereotipos de xénero (xoguetes, ...)

## 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Realizar un uso igualitario dos espazos. Este aspecto tratarase en cada unha das titorías.
- Usar os recursos e materiais dos espazos comúns: biblioteca, pistas, sala de profesorado, aulas e aulas específicas (educación musical, informática) sen discriminación por razón de xénero.
- Promover que o alumnado evite os xogos sexistas en calquera zona do colexio, e manter as limitacións de determinados xogos en distintas zonas do patio.
- Afianzar o uso compartido da pista polideportiva, con reparto realizado na titoría, para distintos xogos.
- Promover os xogos con participación plural.
- Animar a xogar no patio, cos xogos de chan que hai en distintas zonas.
- Fomentar lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades que se realizan no centro.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar, reaccionar e avanzar cara á igualdade real.
- Prevenir a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual desde o ámbito da orientación e da docencia.

#### 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Comunicar á comunidade educativa que os Dereitos Humanos deben prevalecer sobre tradicións, crenzas relixiosas e culturais e que, polo tanto, o dereito a unha vida sen violencia e ao libre desenvolvemento da propia personalidade deben guiar a acción docente.
- Impulsar as titorías específicas de atención á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Considerar no plan de convivencia a resolución pacífica dos conflitos con perspectiva de xénero, o respecto e o coidado polas identidades e as culturas que respecten os Dereitos Humanos, a diversidade sexual, as relacións de convivencia respectuosas e en equidade entre o alumnado, profesorado, familias e resto da comunidade educativa.
- Recoñecer os progresos da comunidade educativa na igualdade de xénero e reforzar positivamente os avances contra a discriminación e a favor da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Responder educativamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean ou non dirixidos a persoas LGBTI.
- Amosar as consecuencias que ten o acoso por homofobia e transfobia sobre as persoas que o sofren, e tamén nas persoas acosadoras.
- De ser o caso, deter este tipo de situacións (homofobia e transfobia).

## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación do Plan de Igualdade realizarase a final de cada curso escolar.

A avaliación será continua e terá carácter formativo.

Basearase na observación directa e sistemática e os aspectos cualitativos serán recollidos nun rexistro.

Os equipos ciclo e de niveis (dous niveis) achegarán ao equipo de convivencia unha valoración xeral do desenvolvemento do plan, coa concreción das carencias e as actuacións prioritarias.

Para esta valoración tomaranse como referente aqueles aspectos que se sinalaran inicialmente como prioritarios para o curso escolar, así como a análise das diversas situacións que xurdiron ao longo do curso escolar.

Valorarase :

Nivel de consecución dos obxectivos

Grao de incidencia na aula e no centro

Colaboración co concello e outras institucións

Recursos utilizados:

Humanos: profesorado, relatores/as, nais/pais ...

Materiais: libros, carteis, vídeos ...

Dificultades detectadas

Valoración global.

O equipo de convivencia dará traslado dos resultados desta avaliación á xefatura de estudos.

A integración e análise do conxunto dos resultados, teranse en conta para establecer as liñas prioritarias para o seguinte curso escolar.

O equipo directivo, na modalidade que considere, informará ao Claustro e ao Consello Escolar. Estes órganos poderán facer as achegas correspondentes; e mesmo propostas que entrañen compromisos concretos de actuación por parte das persoas proponentes.

O alumnado dos cursos que se determine, participará na avaliación de actividades e propostas que se teñan levado a cabo na súa aula ou no centro.

Poderanse usar cuestionarios para que se cumprimenten por cada sector da comunidade educativa .

### **6.1. Proposta de criterios para avaliar as distintas tarefas.**

A participación e implicación do alumnado, profesorado e familias involucradas.

A dinámica dos grupos: fluidez, participación e cooperación

O material empregado: utilidade, presenza de estereotipos sexistas.

As controversias conceptuais, a reflexión colectiva e mesmo individual ao respecto: incremento de valores de respecto e equidade ás persoas diferentes.

A linguaxe : integradora coa identidade sexual.

O ambiente: favorecedor da libre e respectuosa expresión dos sentimentos.

### **6.2. Proposta de criterios xerais para avaliación do alumnado**

Utiliza ou sabe utilizar a linguaxe coeducativa.

Respecta as diferenzas dos compañeiros e das compañeiras

Discrimina entre imaxes sexistas e non sexistas.

Identifica estereotipos de xénero.

Valora a diversidade desde o respecto.

Participa nas actividades propostas.

### **6.3. Proposta de criterios xerais para avaliación do profesorado**

Grao de implicación no desenvolvemento e aplicación do Plan.

Capacidade para deseñar estratexias e recursos.

Colaboración e participación cos compañeiros e compañeiras para elaborar actividades e realizar propostas.

Aspectos a considerar ou mellorar.

# **PLAN DE IGUALDADE**

**CEIP PLURILINGÜE OS TILOS**

**Curso 2019-2020**